


## EL EFECTO IGUAZÚ (2002)



**Xénero:** Documental

**Nacionalidade:** España

**Directores:** Pere Joan Ventura

**Guión:** Georgina Cisquilla, Pere Joan Ventura

**Interpretes:** Adolfo Jiménez, Valeriano Aragonés, Rafael Emper, Francisco Manzano, José Ballesteros

**Fotografía:** Alberto Molina

**Música:** Manu Chao, Reverendo

**Montaxe:** Anastasi Rinos

**Duración:** 90 minutos

### Sinopse:

Os 1.800 empregados da empresa de telecomunicacións SINTEL, cun alto índice de afiliación sindical, de repente atopáronse na rúa. A venda fraudulenta da empresa, a falta de interlocutores e a falta de resposta de goberno levounos a unha acción sen precedentes. Da noite para a mañá, cambiaron a vida na súa casa, coas súas familias e seus fillos, pola convivencia máis extrema, en tendas de campaña e chabolas que se construíron no centro financeiro da capital.

(<http://www.zinema.com/pelicula/2003/elefecto.htm>)

**Sintel**  
**somos**  
**todos**

Este filme permite realizar unha reflexión sobre unha realidade que, pola súa presenza o pola súa ausencia, condiciona a vida das nosas sociedades: o traballo. El efecto Iguazú permite aproximarse a dita realidade, que está en constante mutación, relacionada con conceptos como globalización, precariedade laboral, sindicalismo, privatización, solidariedade...